

CORRESPONDENTES XUVENÍS (9)

- **III Concurso Canta con Ames:**

Nesta terceira edición do concurso, convocado polo concello de Ames, poderán participar persoas que non pertencen, na actualidade nin no pasado, ao mundo profesional da música.

As persoas interesadas poderán presentar as súas solicitudes de inscrición ata o 9 de xullo de 2023. Terán que enviar un vídeo con audio, en formato Mp4, coa interpretación sen base vocal orixinal de non máis de 1 minuto na seguinte dirección de correo electrónico:
amesnarua@gmail.com

Haberá 4 categorías:

- Categoría infantil: ata os 12 anos
- Categoría xuvenil: dende os 13 ata os 20 anos
- Categoría sénior: de 21 a 40 anos
- Categoría súper sénior: a partir de 41 en diante

Ao gañador/ gañadora de cada categoría premiaráselle cun trofeo en recoñecemento da participación, unha cesta saudable, un vídeo profesional sobre o seu paso polo concurso, cantar nas pre badaladas e dúas tarxetas, unha valorada en 100 € para gastar nos comercios da Asociación de Comerciantes Xuntanza de Empresarios de Ames. (XEA), e outra tarxeta valorada en 100 € para gastar nos establecementos da Asociación do Parque Empresarial Novo Milladoiro.

Aos 8 finalistas premiaráselles cun trofeo, unha cesta saudable, un vídeo profesional do seu paso polo concurso e unha tarxeta regalo valorada en 30 € para gastar nos comercios da Asociación de Comerciantes Xuntanza de Empresarios de Ames (XEA).

Bases do concurso

- **Cursos gratuítos sobre desinformación e delitos de odio:**

A ONGD Ecos do Sur organiza cursos gratuítos sobre a desinformación e delitos de odio en Internet. Estes realizaranse por mensaxe de texto (Whatsapp ou Telegram). Todas as tardes, á mesma hora recibirás unha mensaxe de texto con explicacións, enlaces e recursos infográficos, que poderás ler cando queiras.

Levaranse a cabo dous cursos, un dende o 5 ata o 15 de xuño e outro dende 19 ata o 27 do mesmo mes.

As inscricións estarán abertas ata o 31 de maio a través da súa páxina web:

www.ecosdosur.org/cursosciber